



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Prácticas en empresas

Materia	Prácticas en empresas			
Código	V01M079V11211			
Titulación	Máster Universitario en Tradución Multimedia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Meiriño Gómez, Jesús			
Profesorado	Meiriño Gómez, Jesús			
Correo-e	jemeirino@uvigo.es			
Web	<a href="http://multitrad.webs2.uvigo.es/">http://multitrad.webs2.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	As prácticas en empresas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polo estudiantado e supervisada polas universidades. O obxectivo é permitirlle ao estudiantado aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica e favorecer a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C1	Empregar con destreza as tecnoloxías e os recursos máis relevantes nos contextos profesionais.
C2	Aplicar as técnicas e estratexias apropiadas para resolver os problemas de tradución.
C3	Xestionar proxectos de tradución multimedia.
C4	Aplicar métodos analíticos que permitan obter traducións de calidade e avaliar a calidade de traducións existentes atendendo aos distintos contextos culturais.
C5	Organizar adecuadamente o fluxo de traballo na tradución de contidos multimedia desde o seu inicio ata a súa presentación final.
C6	Crear produtos accesibles de calidade atendendo aos diferentes contextos culturais.
C7	Ser capaz de resolver problemas nun entorno interdisciplinar desenvolvendo ao máximo as posibilidades creativas e formais.
D4	Traballar en equipo.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Os resultados da materia son os reflectidos na memoria da titulación e correspóndense cos marcados no paso 1.	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 D4

## Contidos

Tema
------

Realización de prácticas por parte do estudiantado nalgunha das empresas vinculadas ao máster. O estudiantado porá en práctica baixo a supervisión dun/ha profesional do sector os resultados de aprendizaxe dalgún dos ámbitos abordados ao longo do máster.

Os contidos das prácticas virán determinados polo acordo que se estableza entre o destino de prácticas (empresa/institución, tradutor/a autónomo/a, servizo interno...) e o/a estudante, coa supervisión dun/ha titor/a do máster. Será responsabilidade do/a estudante pór en coñecemento do/a seu/súa titor/a calquera incidencia durante as prácticas (recepción tardía do material, tarefas distintas ás especificadas na ficha do destino, etc.).

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Prácticum, Practicas externas e clínicas	0	60	60
Traballo tutelado	0	60	60
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	14	14
Proxecto	0	14	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e a recoller información sobre o alumnado no que respecta aos coñecementos previos da materia, intereses e motivacións. Presentación da materia: obxectivos, metodoloxía docente, actividades de aprendizaxe, sistemas e criterios de avaliación...
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O/A estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión, durante un período determinado, realizando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, realiza actividades, que poden ser: - Traballos monográficos, procura de información en publicacións, bases de datos, artigos, libros... sobre un tema en concreto. - Preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, conferencias etc. - Recensións sobre artigos científicos de actualidade. - Proxectos (deseñar e desenvolver proxectos).

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	O coordinador da materia presentará a bolsa de prácticas para cada curso, así como os procesos burocráticos da convocatoria. A dita presentación farase de forma presencial e tamén será gravada por UVigoTV para que quede a disposición do estudiantado.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Cada estudante contará cun/ha titor/a de destino que organizará a práctica (textos, cronograma, prazos, instrucións, correccións...) e cun/ha titor/a académico/a que lle axudará a xestionar a documentación e velará pola boa marcha da práctica.
Probas	Descrición
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	O/A estudante ha de realizar ao finalizar o seu período de prácticas unha pequena memoria (entre tres e cinco páxinas) onde describa a empresa/institución de destino, as tarefas realizadas e as competencias adquiridas, así como achegue ideas derivadas da práctica, se lle parece oportuno, para incluír/mellorar as guías docentes do resto de materias do máster. En MooVi pode consultar un modelo de memoria de prácticas que contén os epígrafes principais. Deberá entregar a súa memoria ao/á titor/a académico/a, que a avaliará (30 %), prestando especial atención á ortografía, á redacción e ao estilo (poderanse descontar ata 2 puntos por faltas de ortografía). O 70 % da nota corresponderalle ao/á titor/a da empresa/institución, responsable de corrixir e enviar correccións/suxestións de mellora ao estudiantado (avaliación formativa).

## Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	A memoria realizada polo/a estudante ao finalizar as prácticas, onde se describirán as actividades realizadas na empresa/institución, será avaliada polo/a docente do máster que lle foi asignado/a como titor/a. O/A titor/a encargarse de avaliar esta memoria, que significará un 30 % da cualificación final das prácticas.  Na memoria, que consiste nun informe de entre tres e cinco páxinas, debe figurar información relativa aos seguintes aspectos:  a) Datos persoais do/da estudante b) Entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar de localización c) Descrición concreta e detallada das tarefas, dos traballos desenvolvidos e dos departamentos da entidade aos que estivo asignado d) Valoración das tarefas levadas a cabo cos coñecementos e coas competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios e) Relación dos problemas expostos e do procedemento seguido para a súa resolución f) Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora  * PARA APROBAR A MATERIA É NECESARIO TER UN MÍNIMO DE 5 PUNTOS TANTO NA NOTA ENVIADA POLO DESTINO (FORMULARIO D5) COMO NA NOTA DA MEMORIA DE PRÁCTICAS.  ** POR CADA FALTA DE ORTOGRAFÍA NA MEMORIA DE PRÁCTICAS O/A TITOR/A ACADÉMICO/A PODERÁ DESCONTAR ATA 2 PUNTOS.	30	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7	D4
Proxecto	O/A titor/a emitirá un informe das actividades realizadas polo estudiantado, que deberá incluír unha cualificación numérica de 0 a 10 (70 %).	70	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7	D4

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### MODALIDADES DE AVALIACIÓN

#### MODALIDADE A:

É a descrita no apartado «Avaliación».

#### MODALIDADE B:

Pode optar por esta modalidade de avaliación o estudiantado que demostre adquirir experiencia como tradutor/a profesional no ámbito da tradución multimedia. O estudiantado que cumpra os requisitos e así o desexe poderá solicitar á Comisión Académica do Máster a avaliación das prácticas en empresas baseada na súa experiencia profesional. Para solicitar esta modalidade de avaliación deberá presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude cuberto segundo o modelo proposto pola Coordinación do Máster e dispoñible en MooVi.
- Copia do contrato coa empresa/institución onde se realizou a actividade profesional que se desexe convalidar ou, en caso de desenvolver a actividade profesional como autónomo, copia da vida laboral na que debe figurar «Traducción e Interpretación» como actividade laboral.
- Descrición das tarefas realizadas e informe de valoración da actividade levada a cabo asinado e selado pola empresa. No caso de que non se presente este informe, a calificación da materia será «Aprobado (5,0)».

#### CRITERIOS DE CÓMPUTO DE HORAS:

- *Subtitulado*: 1 hora de cinta = 10-11 horas de traballo
- *Subtitulado para xordos*: 1 hora de cinta = 6-7 horas de traballo
- *Dobraxa*: 1 hora de cinta = 10-11 horas de traballo
- *Localización de videoxogos*: tradución = 2.000 palabras/xornada, revisión = 6.000 palabras/xornada, testeado = 60

horas

- *Localización web/software*: 2.000 palabras/xornada
- *Voces superpostas*: programa de telerrealidade/documental: 1/2 hora de materia = 8 horas de traballo, programa de telerrealidade/documental complexo: 1/2 hora de material = 16 horas de traballo

60 horas de prácticas equivalen a 7-8 programas de telerrealidade ou 4 documentais de 1/2 hora.

\* O cómputo de horas pode sufrir variacións de as circunstancias así o aconsellaren, sempre co visto e prace do/a titor/a académico/a.

No caso de que o estudantado non supere a materia, deberá realizar unha práctica institucional asignada polo/a coordinador/a do Máster e supervisada por un/ha dos/as docentes, que se encargará de avaliála.

---

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

#### **Bibliografía Complementaria**

---

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Proxectos de tradución multimedia/V01M079V11210

Traballo de Fin de Máster/V01M079V11212

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Fundamentos de dobraxe e subtitulado/V01M079V11107

---

#### **Outros comentarios**

Consideraranse horas de docencia presencial as horas de docencia virtual síncrona.

---